

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA

MARÍA JOSÉ ABUÍN ÁLVAREZ, con NIF 31.836.309-P; JAVIER ALONSO VITURRO, con NIF 76.966.213-W; ARÍSTIDES ÁLVAREZ ARCE, con NIF 34.585.950-E; CARLOS JESÚS ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, con NIF 10.069.495-A; MARÍA ISABEL GARCÍA DÍAZ, con NIF 33.835.839-X; MARÍA DOLORES GONZÁLEZ LORENZO, con NIF 52.451.481-G; MANUEL GONZÁLEZ MOREIRA, con NIF 36.020.822-Q; XOSÉ MIGUEL LÓPEZ PÉREZ, con NIF 32.616.654-D; MANUEL MARTÍN GARCÍA, con NIF 51.696.245-L; JAVIER MARTÍNEZ FENTE, con NIF 35.440.603-H; MARÍA JESÚS MÉNDEZ CONDE, con NIF 33.812.825-L; VERÍSIMO PAZOS BESADA, con NIF 35.194.016-Z; CARLOS PIÑEIRO DÍAZ, con NIF 32.612.112-K; VICENTE VÁZQUEZ FREIRE, con NIF 44.827.095-A; RAMÓN VERAS CASTRO, con NIF 32.446.591-P, todos/as eles/as maiores de idade, coa condición política de galegos/as e inscritos/as no censo electoral; con domicilio para efectos de notificacións na rúa de Miguel Ferro Caaveiro, núm. 10, 15703 Santiago de Compostela; teléfono 981 564 300; fax 981 571 082; comparecen perante a Mesa do Parlamento de Galiza en calidade de Comisión Promotora da presente iniciativa e

### EXPOÑEN:

Que consoante ao disposto no artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, formulan escrito de promoción de **INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**, co seguinte contido:

I. De conformidade co disposto na letra b) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, as razóns que aconsellan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galiza da presente proposición de lei céntranse na necesidade de dar voz aos amplos sectores da nosa sociedade que demandan unha resposta legislativa que sirva de freo ás actuais políticas de privatización ou apertura ao mercado do sector público sanitario, que producen un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios. Alén desta opción expresa pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, a proposición de lei aspira a incrementar a calidade e a eficacia do servizo público sanitario, mediante o incremento da capacidade resolutiva en atención primaria e a racionalización do mapa sanitario. Estas medidas teñen a finalidade

común de achegar o servizo público á cidadanía e preservar o seu carácter público, universal e gratuito.

II. De acordo coa letra a) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, exponse a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos:

## **PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA POPULAR, PARA A DEFENSA E A PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, consonte aos artigos 148 e 149 da Constitución e ao artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuran o seu rexime económico.

A sanidade pública constitúe –xunto co ensino e os demais servizos públicos– un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva o sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde en condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da presente Lei é frear esa tendencia privatizadora, mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

A Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (*private finance initiative* ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A presente Lei pretende mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

#### TEXTO ARTICULADO DA PROPOSICIÓN DE LEI

##### **Artigo 1. Sanidade pública e dereito á saúde.**

A presente Lei ten por obxecto a defensa do carácter público da sanidade como servizo universal, gratuito e de calidade, responsabilidade do Goberno galego no exercicio das súas competencias, como garantía para a efectividade do dereito á protección da saúde que reconece o artigo 43 da Constitución.

##### **Artigo 2. Xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza**

1. A Comunidade Autónoma de Galiza manterá o carácter público da titularidade, financiamento, xestión e provisión dos servizos sanitarios e socio-sanitarios.

2. A prestación e xestión dos servizos sanitarios e socio-sanitarios do Sistema de Saúde de Galiza deberá levarse a cabo con medios propios ou mediante acordos, convenios ou contratos con persoas ou entidades públicas. Excepcionalmente, poderá utilizarse a sanidade privada como complementaria, subsidiaria e de modo temporalmente limitado.

### **Artigo 3. Capacidade resolutive en atención primaria.**

O Servizo Galego de Saúde promoverá de xeito prioritario, coa dotación necesaria de persoal e medios tecnolóxicos, a mellora da capacidade resolutive dos servizos de atención primaria, cunha cobertura equilibrada en todo o territorio galego e para toda a poboación, como instrumento fundamental de mellora da atención sanitaria.

### **Artigo 4. Descentralización da xestión sanitaria.**

1. Mediante decreto da Xunta de Galiza ordenarase territorialmente o Sistema de Saúde de Galiza nas seguintes áreas sanitarias, que terán como cabeceira a localidade en que radica o respectivo hospital ou complexo hospitalario: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Cee, O Barbanza (Ribeira), A Mariña (Burela), Lugo, Terra de Lemos (Monforte de Lemos), O Salnés (Vilagarcía de Arousa), Pontevedra, Vigo, Ourense, Valdeorras (O Barco de Valdeorras), e Verín.

2. Nos termos previstos no artigo 56 da Lei xeral de sanidade, cada unha das áreas sanitarias ten encomendada a xestión unitaria dos recursos sanitarios de atención primaria e especializada do seu ámbito territorial, así como as prestacións e programas sanitarios que desenvolven.

**Disposición derogatoria.** Fican derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.

**Disposición derradeira primeira.** Autorízase a Xunta de Galiza a ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei. No prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor, a Xunta aprobará o decreto de ordenación territorial do Sistema de Saúde de Galiza ao cal fai referencia a alínea 1 do artigo 4 da presente lei.

**Disposición derradeira segunda.** A lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto, os membros da Comisión Promotora

**SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA:** Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa lexislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo, quince mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns, publique a presente proposición de lei conforme ao artigo 123 do Regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2011.

María Xosé Abuín Álvarez

Javier Alonso Viturro

Aristides Álvarez Arce

Carlos Jesús Álvarez Fernández

María Isabel García Díaz

María Dolores González Lorenzo

Manuel González Moreira

Xosé Miguel López Pérez

Manuel Martín García

Javier Martínez Fente

María Jesús Méndez Conde

Verísimo Pazos Besada

Carlos Piñeiro Díaz

Vicente Vázquez Freire

Ramón Veras Castro